



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de setembro de 2019, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO LUGAR DE O CAMPO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL NO LUGAR DE O CAMPO.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

En data 26/12/2012, por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mesía, que incluía o sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, no lugar de O Campo. Co obxecto do seu desenvolvemento, por acordo plenario adoptado en sesión de data 12/07/2013, aprobouse definitivamente o Plan Parcial do sector de solo urbanizable S-03 ARS 03.

Posteriormente, e logo dos correspondentes procedementos xudiciais, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en virtude de dúas sentencias de data 25/02/2016, anula tanto o PXOM de Mesía, no que incumbe ao sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, como o Plan Parcial de dito sector.

Por decreto de alcaldía de data 11/07/2017 adxudicouse á empresa “Estudio Técnico Galego, S.A.” o contrato de servizos de asistencia técnica e redacción da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no sector S-03 ARS 03, coa finalidade de adaptar o mesmo ó contido das sentencias xudiciais recaídas e á lexislación urbanística vixente.

Coa entrada en vigor da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, se faculta ao concello a elaborar unha ordenación provisional para determinados ámbitos, nos supostos en que “a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta Lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado.”

Ao abeiro da posibilidade contemplada nesta lei, e considerando a obsolescencia da ordenación urbanística que recobraría vixencia, as normas subsidiarias do ano 1987, que xa non responden á realidade urbanística existente no ámbito de referencia, por decreto de alcaldía de data 18/12/2017, adxudicouse á empresa “Estudio Técnico Galego, S.A.” o contrato de servizos de asistencia técnica de redacción de estudo específico e ordenación provisional para o ámbito do sector S-03 ARS 03 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A citada empresa elaborou o documento denominado “Medidas provisionais de ordenación derivadas da anulación do PXOM de Mesía no lugar de O Campo-Estudo”, que foi remitido para informe á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, ambas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro do artigo 88 da citada Lei 2/2017, de 8 de febreiro.

En data 11/01/2019 recíbense no concello o informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 9/01/2019, e o informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, de data 1/06/2018, no que se establece que “procede inicialmente someter as Medidas de ordenación provisional do concello de Mesía no lugar do Campo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado”.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Logo destes informes o Estudo foi aprobado por decreto de alcaldía de data 13 de marzo de 2019, de conformidade co artigo 88.5 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro.

En data 4/4/2019, ao abeiro do artigo 93.2 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, solicítase á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañando a tal efecto o “Documento ambiental estratéxico” elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”.

En data 29/5/2019 recíbese da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático a resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo. Dito informe faise público no DOG nº 111, de data 13 de xuño de 2019.

En data 29/8/2019 recíbese no concello o Documento de aprobación inicial do “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo”, elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”

Por todo o que antecede, visto que en data 4/09/2019 a Comisión Informativa de seguimento do PXOM ditaminou favorablemente o presente acordo, e tendo en conta que se está a aprobar unha ordenación provisional coincidente coa ordenación urbanística anulada, tal como esixe a Lei 2/2017, de 8 de febreiro, o que supón unha modificación da ordenación urbanística vixente no ámbito, é polo que de conformidade co artigo 93.3 da citada Lei 2/2017, de 8 de febreiro, e o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo”, elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”.

SEGUNDO: Someter o documento a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e no diario “La Voz de Galicia”. O prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no DOG. Así mesmo publicarase na páxina web do concello: <http://www.concellodemesia.gal>

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

CUARTO: Solicitar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos.

Mesía, 4 de setembro de 2019. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que, neste tema, xa coñecido por todos e tratado na Comisión Informativa de seguimento do PXOM, o que se trata é de dar cumprimento ás sentencias xudiciais recaídas e, así mesmo, acolléndonos á posibilidade que permite a normativa que se cita, regularizar a situación nese ámbito para que a empresa poida seguir funcionando.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

2. 2ª FASE DO POS + ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“2ª FASE DO POS + ADICIONAL 1/2019 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- *“Participar na 2ª Fase Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:*

<i>Investimentos financeiramente sostibles</i>	<i>Financiamento dos investimentos</i>		
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>2ª Fase POS+ Adicional 1/2019</i>			
<i>CAMIÑO NA CARBALLEIRA (ALBIXOI) E OUTROS</i>	<i>90.447,56 €</i>	<i>0 €</i>	<i>90.447,56 €</i>
<i>CAMIÑO DE AC-223 ÁS PEREIRAS (ALBIXOI) E OUTROS</i>	<i>126.617,62 €</i>	<i>0 €</i>	<i>126.617,62 €</i>
<i>TOTAL</i>	<i>217.065,18 €</i>	<i>0 €</i>	<i>217.065,18 €</i>

<i>Mayor achega provincial asignada ao concello</i>	<i>363.289,25 €</i>
<i>Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase</i>	<i>146.224,07 €</i>
<i>Mayor achega provincial aplicada na 2ª Fase</i>	<i>217.065,18 €</i>

2.- *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

3.- *Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.*

4.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

5.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

6.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

En Mesía, 4 de setembro de 2019. O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que tráense aquí dous proxectos, resultando que para o que comprende o camiño da AC223 ás Pereiras, en outubro do ano pasado xa se solicitara unha subvención nominativa á Deputación, que ía a aportar o 80%, pero ao final, por distintas vicisitudes, non nos a concederon.

De seguido o Sr. Alcalde explica brevemente os camiños que comprende cada proxecto e pasa a palabra aos distintos grupos municipais.

Manifesta o Sr. López que nós vémolos ven, tendo en conta ademais que xa estaban previstos, e manifesta a Sra. Louro que nós tamén estamos a favor, tratándose de cousas para mellorar o concello.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,